

V Encontro Cidade da Coruña

- Este ano co lema “As Artes e a Literatura”
- Este ciclo de mesas redondas desenvolverase durante o mes de abril no Salón de Actos da Real Academia Galega.
- Coa colaboración da RAG e da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña

(A Coruña, 9 de abril de 2012) A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) anuncia que o vindeiro mércores 11 de abril terá lugar a inauguración do V Encontro Cidade da Coruña, coa presenza da Concelleira de Cultura do Concello da Coruña, Ana María Fernández Gómez, e do presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias. Nesta mesa, con título “A Arte e a Literatura”, participarán como relatores o ilustrador Miguelanxo Prado e o escritor Xavier Seoane.

A seguir, o programa do Encontro:

V ENCONTRO CIDADE DA CORUÑA
“AS ARTES E A LITERATURA”
Ciclo de mesas redondas
Salón de actos Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11

Mesa inaugural

Mércores, 11 de abril “A arte e a literatura”

- Miguelanxo Prado
- Xavier Seoane

Mércores, 18 de abril ás 20:00h: “A literatura e o cinema”

- Ángel de la Cruz
- Margarita Ledo

Mércores, 25 de abril ás 20:00h: “A literatura e a música”

- Paulino Pereiro
- Margarita Viso Soto

No desenvolvemento creativo de toda cultura sempre estiveron presentes as máis diversas formas de colaboración entre a artes e a literatura.

É intención desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) facer unha aproximación a esta relación que, da man da literatura galega, as artes plásticas o cinema, a música, tiveron e teñen na cultura galega dentro dun mesmo contexto sociocultural como resposta a unha mesma realidade nun mesmo período temporal.

Ao longo de tres mesas redondas, compartidas por escritores, cineastas, deseñadores e compositores, falaremos da súa relación, das formas de comunicación ou de influencia entre elas e dos froitos que finalmente resultan destas formas de colaboración ou de tan só ter compartido un mesmo tempo histórico.

Saúdos.

Gabinete de comunicación da AELG
699 115 469 / 696 581 971
Correo-e: prensa@aelg.org